

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA TRABALLAR COS CARTEIS DE XOSÉ M^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

CARTEIS 1 E 2 (BIOGRAFÍA)

Despois de leres a biografía do homenaxeado:

- Agrupa por facetas as súas actividades
- Reflexiona sobre cales cres que foron os seus maiores logros
- Indica na túa opinión cal ou cales foron as facetas nas que el puido ter unha maior influencia e razoa por que.

CARTEL 3 (A SÚA OBRA DE CREACIÓN)

Non ten novela en galego (agora están traducidas do castelán) porén un libro de contos *Os ruíns* está aínda pendente de publicación. A Editorial Nós tiña intención de editalo pero non puido ao ser clausurada polas autoridades militares durante a Guerra Civil.

- Como até 1950 non volveu a haber editoriais en Galicia co apoio económico necesario, en que medida cres que estes contratempos puideron influír na inexistencia de novela en galego na súa obra?

O teatro que escribiu tamén foi en castelán. O teatro require unha infraestrutura complexa: actores, vestiario, teatro co seu atrezzo, etc. Se a isto, que para a época era enormemente custoso, lle engadimos o texto en galego cal cres que podería ser a reacción das autoridades franquistas? Cres que podería haber público nesa época para unha obra en galego? Lembra que hai que pagar a entrada.

O *Cancioeiro de Monfero* foi unha broma moi celebrada pero na Historia da Literatura galega temos tamén outro caso que influíu moi notablemente desde o noso Rexurdimento até hoxe na corrente céltica ou atlántica na nosa literatura.

- Busca información sobre o *Ossian* de Mcpherson. Busca paralelismos coa historia de *Cancioeiro de Monfero* e en que medida contribuíu tamén a estimular, a revivir o noso pasado para coñecelo e para dignificar a nosa lingua, a nosa cultura e a nós como grupo humano?

AMIGA

—Ai, meu amigo,
anda o vento rifando conmigo.

—Ai, miña amada,
non é o vento, que eu son quen che fala.

—Ai, meu amor,
anda a i-auga a cantarme arredor.

—Ai, miña amante,
como coidas que a i-auga che cante?

—Ai, meu amado,
anda o sol a deitarme no prado.

—Ai, miña amiga,
el non é, que son eu quen te obriga.

Xosé María Álvarez Blázquez, *Poemas de ti
e de min*

TI

Chamas ao vento
na labarada dos teus cabelos.

Auga apreixada
na mol lentura da túa ollada.

Rubias de aurora
no sangue quente da túa boca.

Pombas no niño
no recunchego do teu corpiño.

Rulas leviáns
no vó lizgairo das túas mans.

Xosé María Álvarez Blázquez, *Poemas de ti
e de min*

[GOLPARRO?]

Madre, a San Treecon irei
e no río banharme eí
ante que saía l'albor.
Irei, madre, á romaría
e banharme ei, a fe mía,
ante que saía l'albor.
Banharme ei, ben volo digo,
ú non sábia meu amigo,
ante que saía l'albor.
[Banhar]me ei, per ren que seja,
[ú meu a]migo non veja,
ante que saía l'albor.

Xosé María Álvarez Blázquez, *Cancioneiro de*

¡Ai, meu amigo!, se [vos] vejades

B 688,V 290

LP 79, 4

Cantiga de amigo, de refrán.

Ai, meu amigo!, se [vos] vejades
prazer de quanto no mund'amades,
leváde-me vosc', amigo!
Por non leixardes mi, ben talhada,
viver com'oj'eu vivo coitada,
leváde-me vosc', amigo!
Por Deus!, filhe-xi-vos de min doo
melhor iredes migo ca soo,
leváde-me vosc', amigo!

- O poema número 1 é un exemplo do que se deu en chamar Neotrobadorismo e que formou parte do Movemento poético de Vangarda durante o primeiro cuarto do S.XX. O Neotrobadorismo cultivado por autores como Fermín Bouza Brei ou Álvaro Cunqueiro consistiu en utilizar como modelo e inspiración a nosa tradición trobadoresca medieval, en especial o seu paralelismo na forma e nos temas como o encontro entre os namorados ou a utilización simbólica da paisaxe e a natureza. O verdadeiramente interesante deste fenómeno literario é que converteu en innovación e vangarda algo que tiña centenaes de anos de antigüidade pero que ficara esquecido pola ruptura da nosa memoria literaria.

Dito todo isto le os poemas 1 e catro (un auténtico poema trobadoresco) e localiza ese paralelismo formal, a referencia ao amante (amigo) para demostrar a influencia dun sobre o outro.

- O poema número 2 ten na súa estrutura unha evidente arquitectura paralelística. Xa non hai referencias ao amigo, porén segue habendo un sabor da nosa lírica medieval quizais pola presenza da paisaxe como protagonista. Podemos ver algunha relación entre este poema e a obra de Amador Carballo, outro autor das vangardas galegas?
- O poema número 3 é o derradeiro do Cancioneiro de Monfero. Álvarez Blázquez publicouno afirmando que eran auténticas cantigas medievais que atopara entre os vellos códices, pergameos e arquivos dun mosteiro. Por que cres que moitos críticos da época confirmaron a súa autenticidade? Compárao co poema número 4 que si é verdadeiramente auténtico. Álvarez Blázquez foi un estudoso da nosa lírica medieval e foi autor dunha das primeiras antoloxías sobre os nosos cancioneros trobadorescos. En que medida cres que ese coñecemento axudou a que a crítica crese que eses poemas eran auténticos? *O Cancioneiro de Monfero* foi publicado polo propio Álvarez Blázquez o 28 de decembro o *Día dos Santos Inocentes*, que nos pode suxerir isto da personalidade do noso homenaxeado?

CARTEL 4 (O SEU LABOR COMO INVESTIGADOR E DIVULGADOR)

Busca información sobre O Monte do Facho e o Santuario ao deus Berobreo.

- Cales eras as características do seu culto?
- Cres que perduran hoxe dentro do noso cristianismo vestixios desa relixión antiga?

Durante moitos anos ese xacemento permaneceu esquecido até que uns alemáns amosaron interese nel.

- En que medida os galegos sabemos valorar a nosa historia sen necesidade de que sexan outros os que o fagan antes?

Cal puido ser o papel da emigración na recuperación da nosa Memoria Histórica? Moitos galeguistas tiñan menos dificultade en divulgar a nosa cultura fóra antes ca dentro das nosas fronteiras. Investiga o caso da BBC e súa emisión en galego. Tes oído falar da Radio Pirenaica? Cando hai censura a xente é consciente de que non se lle dá información válida, que papel cres que xogará nun futuro Internet? Hoxe calquera galego desde calquera punto do planeta pode consultar unha páxina de información en galego ou descargar do youtube unha conferencia en galego. Vai supor isto un cambio?

CARTEL 5 (EDITOR)

Reflexiona sobre o papel xogado pola Editorial Galaxia e Edicións Monterrey e Castrelos na recuperación da nosa identidade, do noso pasado cultural. Reflexiona sobre a validez da estratexia cultural deseñada polos galeguistas dentro dunha situación política onde non existía o dereito á liberdade de pensamento, reunión, etc.

CARTEL 6 (ARQUEÓLOGO)

Vendo a interpretación dada ao significado dos gravados nas estelas funerarias reflexiona tendo en mente a situación actual de grandes movementos migratorios sobre o constante contacto entre culturas.

- A supervivencia das crenzas dos dominados (neste caso os castrexos sobre os romanos).
- O inevitable ou non da mestura, da mestizaxe entre as crenzas e valores dos dominantes e os dominados.
- A nivel lingüístico hoxe falamos unha evolución do latín vulgar dos romanos pero tamén conservamos léxico da cultura dos castros. O Galego tamén é unha mestizaxe. Busca exemplos.

CARTEL 7 (ETNÓGRAFO)

Como ves Galicia ten sido ao longo da Historia lugar de especial interese para a etnografía. Case o único campo do seu estudo que non tocou Xosé María Álvarez Blázquez foi o do estudo e recollida do noso riquísimo folclore musical. Coñeces grupos, asociacións que se dediquen á análise deste riquísimo patrimonio?

- Busca en internet a obra de Dorothé Schubarth e os históricos Cancioneiros de Inzenga, Casto Sampedro e Folgar ou Torner e Bal y Gay .
- Grandes compositores como Bela Bartok inspiráronse na música tradicional do seu país. Coñeces algúns máis?
- Investiga cal é a relación entre a música tradicional africana e o Rock ou o Hip-Hop.

- É o Reggae unha música tradicional?

Ademais da obra *De correctione rusticorum* hai outros textos moi interesantes sobre os nosos costumes no *Códice Calixtino* o na obra de George Borrow cando vendía biblias por Galicia adiante. Busca información e reflexiona sobre como nos vemos nós e como nos ven os outros.

Busca información sobre o Mariscal Pardo de Cela. Observarás que os estudosos manteñen interpretacións en ocasións opostas sobre a súa vida. Formade varios grupos de traballo para recoller a maior e máis fiable información posible e expoñédea cada grupo á aula enteira. Unha vez escoitadas todos os informes sería interesante establecer un debate entre toda a clase para decidir cal das actuais interpretacións pode ser a correcta.

CARTEL 8 (A MEMORIA HISTÓRICA)

Xosé María Álvarez Blázquez perdeu o pai dunha maneira inxusta e inxustificable. É inevitable pensar que iso tivo unha enorme influencia na súa personalidade e actitude ante a vida. Pero el non foi o único. En Galicia houbo unha enorme represión e medo.

- En que medida cres que iso puido afectar a toda unha xeración que son moitos dos vosos avós e tíos avós?
- En que medida a nosa sociedade é distinta a como puido ser de non ter vivido unha Guerra Civil e as súas posteriores consecuencias?

Hoxe moitas asociacións reivindicán a necesidade de repasar a nosa Historia.

- Cres que é mellor esquecer ou falar con respecto sobre o que sucedeu?
- Se houber unha ferida como cres que se curaría mellor falando, calando ou esquecendo?

Le a carta de despedida de Alexandre Bóveda. Paréceche a carta dunha personalidade perigosa para a sociedade? O libro que Álvarez Blázquez escribiu sobre Bóveda foi encargado por Rumasa durante a chamada Transición española á Democracia.

- Por que cres que foi secuestrada a súa edición? É dicir por que cando leron o texto consideraron improcedente a súa publicación despois, insistimos, de telo encargado?

Fixate nas fotografías onde se celebra a figura de Franco ou a súa vitoria. Nelas aparece a esvástica Nazi.

- Cal foi a reacción para con España dos países ocupados pola Alemaña Nazi despois da súa liberación? Que sabes do plan Marshall?

Anxel Casal, Bóveda... que outros coñeces que fosen eliminados? Outros fuxiron ao exilio. Houbo unha perda moi importante de capital humano. Logo viría tamén o exilio económico (a emigración en masa).

- Cales cres que foron as consecuencias desta perda de capital humano para Galicia?

CARTEL 9 (SAGA FAMILIAR)

A cultura e a formación é un ben desde sempre moi prezado. Entre os familiares herdamos bens inmobles, diñeiro, propiedades e ademais en moitos casos recibimos a transmisión dunha cultura, duns valores, dunha actitude ante as artes: en definitiva o coñecemento do que podemos dispor para resolver os nosos conflitos ou aprendermos a estar e a ser.

Hoxe os niveis de lectura en Galicia son moi baixos. Coa axuda dos libros podemos reparar a ausencia de maiores que nos transmitan unha boa cultura. Cal pode ser o noso futuro como individuos e como colectivo cun nivel de lectura tan baixo?

CARTEL 10 (COMENTARIO)

Esta non é máis ca unha posible interpretación do texto. Propoñémosche que a valores, que xulgues se é axeitada e engadas, se o consideras necesario, outras interpretacións distintas ou complementarias.